

LIÑA DO PLAN ANUAL DE FORMACIÓN DO PROFESORADO: Competencia comunicativa. Programas de plurilingüismo e internacionalización.

Folla de OBSERVACIÓN FOCALIZADA

Mestra observadora: M^a Pilar Iglesias Gómez

Mestre observado: José Manuel Rego García

Curso e área: 6º E. Primaria, área de plástica

Data e hora: 28 febreiro 2023. // 09:00 – 09:45

DOCENTE OBSERVADO	COMENTARIOS
É puntual no inicio da sesión?	Si, o mestre-titor está na aula e o cambio de área faise no tempo que corresponde.
Emprega a lingua castelá como lingua vehicular na aula?	Si, é a lingua asociada á área de plástica.
Ten o material necesario para a sesión?	Si, ao fondo da aula ten preparados os materiais que van ser empregados.
É preciso no uso do vocabulario?	Si, deixa claro ao alumnado a tarefa a realizar en termos claros e precisos.

Da instrucións claras aos alumnos/as?	Exprasa con exactitude os roles de cadaquén e as tarefas asignadas a cada un deles/as.
---------------------------------------	--

ORGANIZACIÓN DA AULA	
Nº de alumnos/as	10
Espazos definidos na aula	A tarefa en gran grupo desenvólvese ao final da aula nunha gran mesa común, mentres que as de parellas, nas mesas do medio da aula.
Materiais adicionais aos ordinarios da aula	Os cartóns de refugallo e os materiais para traballar con eles: rotuladores, regras, tesoiras, ...
Situación do mestre con respecto aos alumnos/as	Achégase a eles/as para dar as explicacións necesarias e despois está presente dese a pequena distancia que permite a aula para orientalos e axudar coas dúbidas.

OBSERVACIÓN AO INICIO DA SESIÓN	
Presenta aos alumnos/as á mestra observadora?	Si, aínda que xa a coñecen das observacións holísticas.
Activa os coñecementos previos do alumnado?	De xeito espontáneo, como se non se precisara.
Presenta os materiais a usar na sesión?	Deixa claro que materiais son para a sesión e cales para as seguintes. Asi mesmo, os materiais de uso común e os que teñen de seu os rapaces/as.

Explica de xeito claro as tarefas a desenvolver na sesión?	Explica as tarefas principais e deixa que eles/as deduzan as secundarias.
--	---

OBSERVACIÓN DURANTE A SESIÓN	COMENTARIOS
O mestre emprega a lingua castelá en toda a sesión?	Si
Que lingua empregan os alumnos/as de xeito natural?	A lingua castelá, é a lingua vehicular empregada por todo o alumnado.
Que lingua empregan os alumnos/as no desenvolvemento da actividade?	A lingua castelá.
É precisa a repetición de palabras ou frases a ritmo máis lento?	Precisa repetir algunhas frases pero non por mor da lingua, comprendida por todos/as, senón pola tarefa a realizar.
As instrucións dadas polo mestre son sinxelas e precisas?	Si, ademais de breves.
O mestre actúa a xeito de guía?	Completamente, é a persoa que lles indica o camiño a seguir. Actúa tamén como observador do desenvolvemento das tarefas propostas.
Cal é o rol do alumno/a na actividade?	Un rol moi activo, é o protagonista da actividade desde a súa autonomía de traballo e capacidade de decisión.
As actividades propostas son produtivas?	Moi produtivas en canto á comunicación en lingua castelá, é o vehículo de transmisión de ideas compartidas e froito delas o resultado físico do kamishibai.

Algúns dos materiais empregados foron xerados con anterioridade ou proceden do refugallo?	Proceden do refugallo, trátase dunha actividade que propón o emprego de materiais xa usados no centro, como os cartóns e láminas antigas.
Os tempos dados para as tarefas foron suficientes?	De inicio parecen suficientes, pero no desenvolvemento da actividade e por mor de acadar acordos, tarefa non sinxela entre os alumnos/as, quizais precisarían máis tempo.
Úsanse medidas de atención á diversidade?	Si, na distribución de tarefas téñense en conta dous alumnos de diferentes capacidades que precisan adaptación de tarefas e ademais de maior guía do mestre, tamén dos compañeiros/as do grupo.
O alumnado pasa de traballo en gran grupo a parellas ou pequeno grupo sen dificultade?	Non presenta dificultade algunha, nótase que están afeitos a este modelo de traballo.
Os alumnos/as son quen de organizarse de xeito autónomo con escasa participación do mestre?	Si, a participación de guía do mestre é moi excasa.

OUTROS COMENTARIOS. EXEMPLOS

É certo que son alumnos/as de 6º E. Primaria, pero chama a atención a facilidade con que se organizan. Na miña tarefa de observación, ás veces, éramos dous observando: eu ao meu compañeiro e o meu compañeiro aos alumnos/as.

Incluso os dous alumnos con capacidades diferentes teñen tan interiorizadas as rutinas de traballo autónomo que precisan pouca guía. Foi interesante observar como coa mirada comprenden o cambio de tarefa e o seu lugar na aula.

O diálogo entre as alumnas é máis tranquilo e sosegado que entre os nenos. O proceso comunicativo dos alumnos é máis dinámico, escoitándose menos, pero o suficiente para chegar a acordos. Por exemplo, a decisión das medidas levoulles máis tempo a eles que a elas, que o solucionaron cuha comunicación precisa e curta.

